

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE AGOSTO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 23 de agosto de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de agosto de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 8, 9 e 11a)
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 4, 6, 8 e 9)
D. Rafael Ojea Pérez (asiste aos puntos 2 e 3)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 9 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta do 14 de agosto de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de agosto de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de agosto de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*". Acto seguido, publícase no perfil de contratante.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
 2. PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. (PROFOLP)
 3. CLECE, S.A.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

A secretaria entrega copia do informe de valoración do sobre B ao público asistente e infórmalle que está publicado no perfil de contratante.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	2.747.074,25 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	3.208.144,22 €
3	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	3.156.000,00 €
4	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	3.224.265,55 €
5	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	2.928.922,82 €
6	ORECO, S.A.	3.079.173,60 €
7	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	3.183.317,38 €

Asisten á apertura D. Pedro Garralón Comesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A continuación, compróbase se as ofertas dos licitadores conteñen valores anormais mediante a aplicación da fórmula prevista no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP.

Feitos os oportunos cálculos constátase que hai ofertas con valores anormais, polo que haberá que iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Ao abeiro do previsto no apartado 7D do Anexo I e da cláusula 18.1A do PCAP procédese nesta sesión a realizar os cálculos pertinentes para comprobar se algunha das ofertas contén valores anormais:

Se considerará que inclúen valores anormais ou desproporcionados as proposicións nas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que a suma da baixa ofertada (B_i) e o importe do valor das melloras ofertadas, cumpra as seguintes condicións:

- Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da "baixa de referencia" (B_r), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K * \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i = será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou $B'm$)

B_m = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación coa media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

$B'm$ = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

δ' = desviación típica das (B_i) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de $B'm$

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AF4F48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cálculo de B_m , e para o calculo da δ' , "n" será igual so numero de ofertas que cumbran coa condición sinalada para o calculo de B'_m

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=10,00

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; K=5,20

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; K=3,60

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=2,80

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=2,00

SI $\sigma' > 3$ K=1,80

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$ y $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=9,00

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; K=4,90

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; K=3,50

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=2,90

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=2,10

SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; K=8,00

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; K=4,50

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; K=3,80

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=2,80

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=2,00

SI $\sigma' > 3$ K=1,70

Para a realización dos cálculos, se tivo en conta o artigo 86.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o RXLCAP. "A los efectos de lo dispuesto en el artículo 83.3 de la Ley, cuando empresas pertenecientes a un mismo grupo, entendiéndose por tales las que se encuentren en alguno de los supuestos del artículo 42.1 del Código de Comercio, presenten distintas proposiciones para concurrir individualmente a la adjudicación de un contrato, se tomará únicamente, para aplicar el régimen de apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, la oferta mas baja, produciéndose la aplicación de los efectos derivados del procedimiento establecido para la apreciación de ofertas desproporcionadas o temerarias, respecto de las restantes ofertas formuladas por las empresas del grupo.", polo cal tendo en conta que ningunha das ofertas presentadas forman parte dun mesmo grupo empresarial, se terán en conta os efectos dos cálculos todas as oferta presentadas.

As ofertas presentadas polos licitados son:



Empresas licitadoras	Prezo	
	C/IVE	S/IVE
1 CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL	2.747.074,25 €	2.270.309,30 €
2 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	3.208.144,22 €	2.651.358,86 €
3 S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	3.156.000,00 €	2.608.264,46 €
4 CONSTRUCCIONES ABAL SA	3.224.265,55 €	2.664.682,27 €
5 UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS SA	2.928.922,82 €	2.420.597,37 €
6 ORECO SA	3.079.173,60 €	2.544.771,57 €
7 UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO, S.L.	3.183.317,38 €	2.630.840,81 €

En relación ás ofertas presentadas, aplicando o disposto no PCAP os datos a considerar para a estimación da presunción de temeridade son:

Bm =	4,62
δ =	5,07
Bm - δ =	-0,45
Bm + δ =	9,69
B'm =	2,93
δ' =	3,14
K=	1,80
Br = valor mínimo entre Bm ou B'm=	2,93
Presunción de temeridade si $B_i > B_r + (K \times \delta')$	8,58

Polo exposto, e de acordo cos cálculos referidos as ofertas presentadas pola mercantís:

Empresas	Valor BI %
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.	14,80
UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.	9,16

atópase presuntamente en situación de oferta con valores anormais ou desproporcionado por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade de acordo a formula: $B_i > B_r + (K \times \delta') = 8,58$

En base ao anterior, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles (que remata 28 de agosto de 2018) a CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L. e UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A. para que xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se teña definido a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AF4F48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Non se trata este asunto porque logo da apertura económica a Mesa comprobou que dúas empresas presentaron baixas anormais polo que se lle requiriu no punto 6a a súa xustificación.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto do 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de xullo de 2018, polo que non se admitiu neste procedemento a HORDESCON, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación electrónica das proposicións esixidos no cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluír deste procedemento a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85.507,72 €
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.407,15 €
3	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	89.710,22 €
4	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	96.803,41 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	100.154,20 €
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	100.688,94 €
7	NAROM, S.L.	114.553,05 €

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 22 e 23 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AF4F48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) por un prezo total de 85.507,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.840,18 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que con data 24 de xullo de 2018 requiríuse ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A., a documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP. Atendendo ao citado requirimento a UTE presentou documentación na data 8 de agosto de 2018.

Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación acórdase, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días hábiles á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. para que emende a documentación presentada. Concretamente, un dos membros da UTE, WELGOOD CARSHARING, S.L.U., deberá acreditar dispor de solvencia técnica.

Na documentación presentada consta acreditada solvencia técnica suficiente de TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. para a execución deste contrato, se ben non consta documentación acreditativa da solvencia técnica do outro membro da UTE, WELGOOD CARSHARING, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 22:13	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF48-C83H39-C2EAAA-W25MRQ-V1WBMH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		